

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE REALIZADA POLO CONCELLO PLENO O 11.11.2013

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 9.10 h. do 11.11.2013, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar sesión extraordinaria urxente convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Dona Rocío Aurora Bértoa Puente, don Alejandro Dopico Rodríguez, don Juan José Franco Casal, dona Juana Barro Couto, don José Andrés Serantes Panceiras, dona Amalia García Balado, dona María Carmen Silvar Canosa, don José Antonio López Rodríguez, don Juventino José Trigo Rey, dona Rita María Couto Seijido, don Manuel Polo Gundín, dona Inés Roca Requeijo, don Justo Martínez Ardá e dona María Carmen Martínez Rodríguez

Non asisten os concelleiros:

Don Iván Puentes Rivera e don Antón Lois Noceda Carballo

Secretario accidental:

Don Fernando Aradas García

Interventora:

Dona Marta Roca Naveira

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido segundo o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da sesión

De seguido intervén o alcalde que di que expón que este pleno convócase co obxectivo de completar determinadas partidas que quedaron valeiras no seu momento e a urxencia ven determinada pola necesidade de que publicar canto antes, se é o caso de que se aproben as modificacións orzamentarias, para que entren en vigor antes de que remate este ano.

Seguidamente intervén o voceiro do grupo municipal socialista, don José Antonio López Rodríguez, que anuncia que o seu grupo vaise abster na votación da urxencia porque se trata dunha improvisación do goberno que ben puido traer estes asuntos ao pleno do xoves pasado. Parécelle un exceso a cantidade de plenos que se están a facer.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, que di que só vai intervir nesta ocasión e quere explicar o sentido do voto da urxencia e do resto de asuntos. No último pleno ordinario do xoves pasado reproduciuse, novamente, unha das falsidades deste goberno que viña a dicir que sen orzamento non se podían pagar as subvencións nominativas ás entidades polas actividades do ano 2013. A resposta do BNG as súas mentiras vai ser que non á urxencia desta sesión, xa que o goberno trae gran parte das cuestións coas que os chantaxearon no Pleno e na Comisión Informativa cando lles dixeron que se non se aprobaban os orzamentos se ían perder moitas cousas, entre elas as que hoxe se traen aquí. Nos últimos días o goberno repetiu tres cuestións obrando de mala fe. Unha que Fene non ten un orzamento por culpa da oposición, cando o goberno é o único responsable por traer as cousas tarde, mal e a rastro, e cando sabe que aínda a día de hoxe poden contar cun orzamento para o ano 2013 e 2014 segundo o que lle dixemos no Pleno. Unha segunda cuestión foi que se ían perder subvencións por falla dun orzamento e o Pleno de hoxe é unha proba material de que iso non é certo, de que se podía e se pode facer modificacións puntuais para habilitar partida suficiente en todas as subvencións a que se fixo referencia, así se poden consultar as actos dos distintos plenos nas que se pode comprobar como maioritariamente ou por unanimidade foi sacando adiante todas as modificacións de crédito deste ano, como se aceptaron traballadores que enviou a Deputación a última hora ou como se aprobaron os proxectos de obras. A oposición fundamental ao Pleno de hoxe é que enganaron ás sociedades co tema das subvencións

nominativas, proxectaron as subvencións do ano 2013 na liña dos anos anteriores e saben, de primeira man, que se dedicaron a responsabilizarlles de que non existan a día de hoxe as subvencións nominativas das sociedades. Isto ten solución e por iso o seu voto vai ser non a todo o Pleno, porque o goberno prefire poñerse no papel de vítima que darlle solución á xente, porque saben que todo o de importancia para os veciños e veciñas de Fene que veu ao Pleno non tivo ningún problema en ser aprobado. Remata dicindo que ou soluciona o pagamento das subvencións nominativas que lle prometeron ás sociedades e que acompañaba a proposta de orzamento ou o BNG non aproba outra modificación de crédito.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo mixto, dona María Carmen Martínez Rodríguez, que di que se vai abster porque quere facilitar a realización do Pleno. No resto dos asuntos do día o seu voto vai ser negativo polos mesmos motivos que se acaban de dicir.

Sometido o asunto a votación queda aprobada a urxencia da sesión por maioría simple de 6 votos a favor do grupo municipal do PP, 5 votos en contra do grupo municipal do BNG e 4 abstencións (3 do grupo municipal socialista e 1 do grupo mixto).

2. Aprobación, se procede, do expediente de crédito extraordinario 4/2013

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego do 08.11.2013 con 3 votos a favor do grupo municipal do PP, 2 en contra do grupo municipal do BNG e 3 abstencións (2 do grupo municipal socialista e 1 do grupo municipal mixto), e que copiada di:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

Proponse á Comisión de Facenda, que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente de concesión de créditos extraordinarios nº 4/2013, e se propoña ó Concello Pleno a adopción de acordo, con fundamento na seguinte

EXPOSICION DE MOTIVOS.

Na memoria e providencia adxunta ó expediente, expoñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Visto os informes e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sometese a esta Comisión a seguinte

PROPOSTA:

1º. Aprobar o expediente nº 04/2013 de créditos extraordinarios financiados con baixas por anulación de créditos por un importe global de 64648,21 € de conformidade co previsto no TRLRFL.O detalle é o seguinte :

Aplicación orzamentarias que se crean mediante o crédito extraordinario:

| APLIC. ORZ. | CONCEPTO | IMPORTE (€) |
|--------------|---|-------------|
| 171/B2/61900 | Parques e xardíns. Proxecto obras obradoiro de emprego “Ares-Fene” | 34761.75 € |
| 453/B4/61900 | Estradas. Proxecto de “Vías de acceso no polígono industrial vilar do Colo” | 6356.93 € |
| 165/B5/76200 | Alumeado público. Transferencias a concellos: proxecto de reforma da eficiencia enerxética nos alumeados públicos de Cabañas e Fene | 13611.76 € |
| 453/B3/61900 | Estradas. Obras programa mellora de camiños de titularidade municipal 2013-2014 | 9917.74 € |

O importe total da modificación proposta ascende á cantidade de 64648,21 EUROS.

Medios de financiación do gasto.-

Proponse que a financiación se realice con cargo a baixas por anulación de créditos das seguintes partidas, previo o acordo de cambio de finalidade do préstamo concertado co Banco de Crédito Local no exercicio 2005 por importe de 700.000,00 euros e cambio de finalidade do préstamo concertado co BBVA no exercicio 2010 por importe de 463705,85 €:

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | | CONSIGNACION ANTERIOR | DISMINUCION | CREDITO DEFINITIVO | Breve explicación da baixa na consignación sen perturbación dos servizos |
|-------------------------|--------------------------|-----------------------|-------------|--------------------|--|
| CODIGO | DENOMINACION | | | | |
| 453/76/60901 | Estradas. Obras POS 2007 | 54896.17 | 54896.17 | 0.00 | Finalización do gasto |
| 453/1h/60104 | Estradas. Obras POS 2010 | 64177.19 | 9752.04 | 54425.15 | Finalización do gasto |

O importe total da modificación proposta ascende a 64648.21 €.

A efectividade do presente expediente estará condicionado, en todo caso, á adopción do acordo polo Pleno da Corporación de cambio de finalidade dos créditos concertados co Banco de Crédito Local no exercicio 2005 por importe de 700000,00 € e cambio de finalidade do crédito concertado co BBVA no exercicio 2010 por importe de 463705,85 €.

2º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora das Facendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

3º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.

Fene, a 7 de novembro de 2013.
O ALCALDE
Asdo.- Gumersindo P. Galego Feal.”

A continuación fai uso da palabra o concelleiro de Facenda, don Juan José Franco Casal, que di que o asunto foi ditaminado favorablemente e que con esta modificación orzamentaria trátase de facer fronte a 4 proxectos.

Seguidamente intervén o voceiro do grupo municipal socialista, don José Antonio López Rodríguez, que di que subscribe a intervención do BNG no senso de que se lle está votando a culpa á oposición de que non se aproben os orzamentos. Este Pleno volve ser unha chantaxe, saben que o grupo municipal do BNG va votar en contra e non saben o que vai votar EU e está na súa man que isto saia adiante ou non e por iso o seu grupo vaise abster, por responsabilidade, pero estanse fartando de dar cheques en branco ao grupo de goberno.

Rematado o debate, sométese o asunto a votación obténdose, en primeira votación, un empate con 6 votos a favor do grupo do PP, 6 en contra (5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto) e 3 abstencións do grupo socialista. A continuación, procedese a facer unha

segunda votación obténdose os mesmos resultados que na primeira, 6 votos a favor do grupo do PP, 6 en contra (5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto) e 3 abstencións do grupo socialista, quedando aprobado o asunto co voto de calidade do alcalde.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1º. Aprobar o expediente nº 04/2013 de créditos extraordinarios financiados con baixas por anulación de créditos por un importe global de 64648,21 € de conformidade co previsto no TRLRFL.O detalle é o seguinte :

Aplicación orzamentarias que se crean mediante o crédito extraordinario:

| APLIC. ORZ. | CONCEPTO | IMPORTE (€) |
|--------------|---|-------------|
| 171/B2/61900 | Parques e xardíns. Proxecto obras obradoiro de emprego "Ares-Fene" | 34761.75 € |
| 453/B4/61900 | Estradas. Proxecto de "Vías de acceso no polígono industrial vilar do Colo" | 6356.93 € |
| 165/B5/76200 | Alumeado público. Transferencias a concellos: proxecto de reforma da eficiencia enerxética nos alumeados públicos de Cabañas e Fene | 13611.76 € |
| 453/B3/61900 | Estradas. Obras programa mellora de camiños de titularidade municipal 2013-2014 | 9917.74 € |

O importe total da modificación proposta ascende á cantidade de 64648,21 EUROS.

Medios de financiamento do gasto.-

Proponse que o financiamento se realice con cargo a baixas por anulación de créditos das seguintes partidas, previo o acordo de cambio de finalidade do préstamo concertado co Banco de Crédito Local no exercicio 2005 por importe de 700000,00 euros e cambio de finalidade do préstamo concertado co BBVA no exercicio 2010 por importe de 463705,85 €:

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | | CONSIGNACION ANTERIOR | DISMINUCION | CREDITO DEFINITIVO | Breve explicación da baixa na consignación sen perturbación dos servizos |
|-------------------------|--------------------------|-----------------------|-------------|--------------------|--|
| CODIGO | DENOMINACION | | | | |
| 453/76/60901 | Estradas. Obras POS 2007 | 54896.17 | 54896.17 | 0.00 | Finalización do gasto |
| 453/1h/60104 | Estradas. Obras POS 2010 | 64177.19 | 9752.04 | 54425.15 | Finalización do gasto |

O importe total da modificación proposta ascende a 64648.21 €.

A efectividade do presente expediente estará condicionado, en todo caso, á adopción do acordo polo Pleno da Corporación de cambio de finalidade dos créditos concertados co Banco de Crédito Local no exercicio 2005 por importe de 700000,00 € e cambio de finalidade do crédito concertado co BBVA no exercicio 2010 por importe de 463705,85 €.

2º. De conformidade co establecido no artigo 177.2 do texto refundido 2/2004 da lei reguladora das facendas locais, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición publica do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

3º. O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.

3. Aprobación, se procede, do expediente de suplemento de crédito 2/2013

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego do 08.11.2013 con 3 votos a favor do grupo municipal do PP, 2 en contra do grupo municipal do BNG e 3 abstencións (2 do grupo municipal socialista e 1 do grupo municipal mixto), e que copiada di:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

A Alcaldía propón á Comisión de Facenda, que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente de concesión de suplemento de crédito, e se propoña ó concello Pleno a adopción de acordo, con fundamento na seguinte

EXPOSICION DE MOTIVOS:

Na memoria adxunta ó expediente, expoñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Vistos os informes e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sométese ó dictame desta Comisión a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

1º. Aproba-lo expediente nº 2/2013 de Suplemento de Créditos por un importe global de 13839.98 € segundo o seguinte detalle:

Aplicación orzamentaria suplementada:

| APLICACIÓN ORZ. | CONCEPTO | IMPORTE (€) |
|-----------------|--|-----------------|
| 453/61900 | Estradas. Outros investimentos de reposición en infraestructuras | 13839.98 |
| TOTAL | | 13839.98 |

Medios de financiación do gasto.-Proponse que a financiación se realice con cargo a baixas por anulación de créditos da seguinte aplicación orzamentaria:

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | | CONSIGNACION ANTERIOR | MODIFICACIONES ANTERIORES | DISMINUCION | CREDITO DEFINITIVO |
|-------------------------|---|-----------------------|---------------------------|-------------|--------------------|
| CODIGO | DENOMINACION | | | | |
| 221/16205 | Outras prestacións empregados públicos. Seguros | 40000,00 | 0.00 | -13839,98 | 26160.02 |
| TOTAL | -13839.98 | | | | |

2º. Financia-lo expediente nº 2/2013 de suplementos de créditos mediante o baixas por anulación de créditos por importe total de 13839.98 euros.

3º. De conformidade co establecido no artigo 177.2 do RDL2/2004, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do apartado 1 do presente acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4º. O expediente entenderase definitivamente aprobado e unha vez publicado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións.

Fene, 7 de novembro de 2013
O alcalde,
Asdo. Gumersindo P. Galego Feal."

A continuación fai uso da palabra o concelleiro de Facenda, don Juan José Franco Casal, que di que se pretende suplementar a partida de estradas e diminuír a partida de outras prestacións de empregados públicos.

Rematado o debate, sométese o asunto a votación obténdose, en primeira votación, un empate con 6 votos a favor do grupo do PP, 6 en contra (5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto) e 3 abstencións do grupo socialista. A continuación, procedese a facer unha segunda votación obténdose os mesmos resultados que na primeira, 6 votos a favor do grupo do PP, 6 en contra (5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto) e 3 abstencións do grupo socialista, quedando aprobado o asunto co voto de calidade do alcalde.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1º. Aprobado o expediente nº 2/2013 de Suplemento de Créditos por un importe global de 13839,98 € segundo o seguinte detalle:

Aplicación orzamentaria suplementada:

| APLICACIÓN ORZ. | CONCEPTO | IMPORTE (€) |
|-----------------|---|-----------------|
| 453/61900 | Estradas. Outros investimentos de reposición en infraestruturas | 13839.98 |
| TOTAL | | 13839.98 |

Medios de financiamento do gasto.- Propónse que o financiamento se realice con cargo a baixas por anulación de créditos da seguinte aplicación orzamentaria:

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | | CONSIGNACION ANTERIOR | MODIFICACIONES ANTERIORES | DISMINUCION | CREDITO DEFINITIVO |
|-------------------------|---|-----------------------|---------------------------|-------------|--------------------|
| CODIGO | DENOMINACION | | | | |
| 221/16205 | Outras prestacións empregados públicos. Seguros | 40000,00 | 0.00 | -13839,98 | 26160.02 |
| TOTAL | -13839.98 | | | | |

2º. Financiar o expediente nº 2/2013 de suplementos de créditos mediante o baixas por anulación de créditos por importe total de 13839.98 euros.

3º. De conformidade co establecido no artigo 177.2 do RDL 2/2004, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do apartado 1 do presente acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4º. O expediente entenderase definitivamente aprobado e unha vez publicado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións.

4. Aprobación, se procede, do expediente 2/2013 de modificación de finalidades do préstamo formalizado co Banco de Crédito Local no ano 2005

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego do 08.11.2013 con 3

votos a favor do grupo municipal do PP, 2 en contra do grupo municipal do BNG e 3 abstencións (2 do grupo municipal socialista e 1 do grupo municipal mixto), e que copiada di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a providencia da Alcaldía de 7 de novembro na que se expoñen a necesidade e motivos para acordar unha desafectación parcial do préstamo concertado co Banco de Crédito Local no exercicio 2005.

Considerando que o presente expediente tramítase paralelamente ó expediente de crédito extraordinario nº 4/2013, expediente no que se propón a creación de determinadas aplicacións orzamentarias para facer fronte a determinados gastos cuxa execución non pode demorarse ó vindeiro exercicio e para as que non existe crédito adecuado e suficiente a nivel de vinculación xurídica no orzamento de 2012, prorrogado.

Así, en relación co proxecto de obras que vai ligado ó obradoiro de emprego “Ares-Fene” cuxa execución comezou o día 31/10/2013, cómpre comezar dicindo que o proxecto de orzamentos do exercicio 2013 non aprobado polo Pleno da Corporación contemplaba os créditos necesarios para esta finalidade. Pola contra no orzamento do exercicio 2012, prorrogado non existe crédito adecuado e suficiente a nivel de vinculación xurídica para facer fronte a este gasto. Considerando, igualmente, que a Intervención municipal formulou informe de reparo suspensivo con data de 29/10/2013 no que entre outros se indicaba que: “(...)En canto á existencia de crédito adecuado e suficiente para a execución do proxecto do Obradoiro de Emprego Ares Fene, por un importe de 195435.24 € (fgastos de formación, funcionamento e gastos salariais de alumnos traballadores) máis 34761.75 € (gastos do proxecto de obras a executar), cómpre advertir que a resolución da Consellería de Traballo e Benestar de 01/10/2013 pola que se notifica a concesión da subvención por importe global de 195435,24 € determina que a subvención ten como finalidade o financiamento dos gastos de formación e funcionamento así como os gastos salariais dos alumnos.

A proposta que se somete a informe é a contratación do persoal do Obradoiro de Emprego sendo as actuacións que van executar as contidas no proxecto de obras redactado por Olivia Souto Feiria en xuño de 2013 e que consisten basicamente en :accesos a praza, parque público de Casas de Castro e parque público Rosalía, obras que están orzamentadas en 34.761,75 euros (IVE incluído). Ditas actuacións non están subvencionadas pola consellería e deben ser financiadas polo propio Concello sen que exista neste momento crédito suficiente e adecuado no Orzamento do ano 2012 prorrogado neste exercicio 2013.(...)”, reparo que foi levantado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 30/10/2013, faise necesario neste momento habilitar o crédito necesario para poder facer fronte a estos gastos por importe de 34761.75 € cuxa execución se extenderá ós exercicios 2013 e 2014.

Polo que respecta á dotación do crédito necesario para facer fronte á achega municipal das obras relativas a “Vías de acceso no polígono industrial Vilar do Colo”, cómpre facer constar que con data de 19/08/2013 foi notificada a resolución dunha concesión por importe de 36022.61 € para a execución das obras do proxecto “Vías de acceso no polígono industrial Vilar do Colo”, sendo o investimento subvencionable de 42379.54 €. O importe da subvención concedida acada o 85% do investimento sendo necesario financiar con fondos propios o 15% restante. Segundo o establecido na orde da convocatoria o prazo para a execución dos investimentos é o 20 de decembro deste exercicio. Todo o exposto xustifica a necesidade de habilitar crédito no orzamento do exercicio 2012, prorrogado para a execución deste investimento que afecta ó funcionamento de servizos básicos do Concello.

En relación coas obras incluídas no Proxecto de reforma e mellora da eficiencia enerxética no alumeadado público de Cabanas e Fene, indicar, en primeiro termo, que a xestión deste proxecto foi acordada de forma compartida co Concello de Cabanas mediante unha agrupación de concellos, correspondéndolle a xestión e execución do proxecto ó Concello de Cabanas. Tendo en conta que foi concedida unha subvención a este concello por importe de 66766.39 €, sendo o orzamento subvencionado de 95380.56 €, dacordo cos compromisos de financiamento que corresponden a cada un dos concellos (47,57% ó concello de Fene e 52,43% ó concello de Cabanas), correspondería facer fronte a unha achega por importe de 13611,76 € (importe equivalente ó 47.57% do importe da aportación municipal total (28614.17 €)), resultando este gasto urxente e inaprazable tendo en conta a data fixada na orde da convocatoria para a xustificación desta subvención.

Finalmente, polo que respecta ós investimentos a incluír no programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2013-2014, indicar que con data de 2 de outubro de 2013 foi notificado o importe das subvencións concedidas ó noso concello para a execución dos investimentos a incluír neste programa sendo o importe asignado sen IVE de 19610.59 € para o exercicio 2013 e 21966,91 € para o 2014. Polo tanto faise necesario facer fronte ó importe do IVE que non se atopa financiado a través deste programa, resultando este gasto imposible de demorar ó exercicio 2014 toda vez que a execución deste investimento debe de comezar no presente exercicio de maneira improrrogable.

Considerando que a día de hoxe as obras incluídas no POS 2007 "Dotación de servizos e pavimentación núcleos de Fene" atópanse rematadas, obras que se atopaban financiadas parcialmente, trala aprobación do expediente de suplemento de crédito nº 1/2010, co préstamo concertado no ano 2005 co Banco de Crédito Local por un montante total de 700.000,00 €, faise necesario neste momento efectuar unha desafectación do citado préstamo por importe de 54896.17 € (importe non empregado do préstamo) para poder facer fronte ás obras incluídas no proxecto do obradoiro de emprego "Ares Fene" por importe de 34761.75 €; achega municipal das obras relativas ó proxecto "Vías de acceso ao polígono Vilar do Colo" por importe de 6356.93 €, achega municipal das obras incluídas no proxecto de mellora da eficiencia enerxética nos alumeados públicos dos concellos de Cabañas e Fene por importe de 13611.76 € e achega municipal para as obras incluídas no programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2013-2014 por importe de 165,73 €.

E tendo en conta que o mantemento duns préstamos non utilizados, coa conseguinte carga financeira que estes comportan, constitúe unha situación totalmente antieconómica.

Visto que unha vía de utilización dos devanditos sobrantes constitúe unha modificación de crédito consistente ben nun crédito extraordinario ben nun suplemento de crédito.

Esta Alcaldía, co obxecto de proceder a unha aplicación parcial de ditos excesos de financiación propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: aprobar a seguinte modificación de finalidades do préstamo nº 95-44450711 formalizado co Banco de Crédito Local no exercicio 2005 por importe de 700000,00 euros:

Novas inversións a dotar:

| Nº Proxecto/Aplic | Denominación | Importe (€) |
|-------------------|----------------------------------|-------------|
| 171/B2/61900 | Proxecto obradoiro | 34761.75 |
| 453/B4/61900 | Obras acceso polígono | 6356.93 |
| 165/B5/76200 | Obras reforma eficiencia enerx. | 13611.76 |
| 453/B3/61900 | Obras plan mellora camiños 13/14 | 165.73 |
| TOTAL----- | | 54896.17 € |

Inversións substituídas polas anteriores:

| Nº proxecto/Aplic. | Denominación | Importe (€) |
|--------------------|----------------|-------------|
| 453/76/60901 | Obras POS 2007 | 54896.17 € |
| TOTAL----- | | 54896.17 € |

SEGUNDO: Dar traslado á Intervención, Tesourería municipais.

En Fene, a 7 de novembro de 2013
O ALCALDE
Asdo. Gumersindo Pedro Galego Feal"

A continuación fai uso da palabra o concelleiro de Facenda, don Juan José Franco Casal, que di que este préstamo estaba afectado a obras incluídas no POS e que xa están rematadas.

Rematado o debate, sométese o asunto a votación obténdose, en primeira votación, un empate con 6 votos a favor do grupo do PP, 6 en contra (5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto) e 3 abstencións do grupo socialista. A continuación, procedese a facer unha segunda votación obténdose os mesmos resultados que na primeira, 6 votos a favor do grupo do PP, 6 en contra (5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto) e 3 abstencións do grupo socialista, quedando aprobado o asunto co voto de calidade do alcalde.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1º. Aprobar a seguinte modificación de finalidades do préstamo nº 95-44450711 formalizado co Banco de Crédito Local no exercicio 2005 por importe de 700000,00 euros:

Novas inversións a dotar:

| Nº Proxecto/Aplic | Denominación | Importe (€) |
|-------------------|----------------------------------|-------------------|
| 171/B2/61900 | Proxecto obradoiro | 34761.75 |
| 453/B4/61900 | Obras acceso polígono | 6356.93 |
| 165/B5/76200 | Obras reforma eficiencia enerx. | 13611.76 |
| 453/B3/61900 | Obras plan mellora camiños 13/14 | 165.73 |
| TOTAL----- | | 54896.17 € |

Inversións substituídas polas anteriores:

| Nº proxecto/Aplic | Denominación | Importe (€) |
|-------------------|----------------|-------------------|
| 453/76/60901 | Obras POS 2007 | 54896.17 € |
| TOTAL----- | | 54896.17 € |

2º. Dar traslado á Intervención e Tesourería municipais.

5. Aprobación, se procede, do expediente 1/2013 de modificación de finalidades do préstamo formalizado co BBVA no ano 2010

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego do 08.11.2013 con 3 votos a favor do grupo municipal do PP, 2 en contra do grupo municipal do BNG e 3 abstencións (2 do grupo municipal socialista e 1 do grupo municipal mixto), e que copiada di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a providencia da Alcaldía de 5 de novembro de 2013 na que se expoñen a necesidade e motivos para acordar unha desafectación parcial do préstamo concertado co BBVA no exercicio 2010.

Considerando que o presente expediente tramítase paralelamente ó expediente de crédito extraordinario nº 4/2013, expediente no que se propón a creación de determinadas aplicacións orzamentarias para facer fronte a determinados gastos cuxa execución non pode demorarse ó vindeiro exercicio e para as que non existe crédito adecuado e suficiente a nivel de vinculación xurídica.

Así no citado expediente de crédito extraordinario nº 4/2013 propónse a creación dunha aplicación orzamentaria para a execución dos investimentos a incluír no programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2013-2014. Así, indicar que con data de 2 de outubro de 2013 foi notificado o importe das subvencións concedidas ó noso concello para a execución dos investimentos a incluír neste programa sendo o importe asignado sen IVE de 19610.59 € para o exercicio 2013 e 21966,91 € para o 2014. Polo tanto, faise necesario facer fronte ó importe do IVE que non se atopa financiado

a través deste programa, resultando este gasto imposible de demorar ó exercicio 2014 toda vez que a execución deste investimento debe de comezar no presente exercicio de maneira improrrogable.

Considerando que a achega comprometida polo concello de Fene para a execución do investimento, tendo en conta a información remitida, é de 9917.74 € (dos cales 163.75 euros se financiarían mediante baixas da aplicación 453/76/60901 (Obras POS 2007) previo acordó de cambio de finalidades do préstamo concertado co BCL no exercicio 2005), e non existindo crédito adecuado e suficiente no orzamento do exercicio 2012, prorrogado, faise necesario iniciar expediente modificativo de crédito co fin de habilitar o crédito necesario para facer fronte a este compromiso de gasto

Considerando que a día de hoxe as obras incluídas no POS 2010 "Asfaltados travesía Vrea, Penedo e abastecemento no Campanario" atópanse rematadas, obras que se financiaban parcialmente, co préstamo concertado no ano 2010 co Banco de Crédito Local concertado por un montante total de 463.705.85 €, faise necesario neste momento efectuar unha desafectación parcial do citado préstamo por importe de 9752.04 € para poder facer fronte parcialmente á achega municipal para as obras incluídas no programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2013-2014 por importe de 9752.04 €.

E tendo en conta que o mantemento duns préstamos non utilizados, coa conseguinte carga financeira que estes comportan, constitúe unha situación totalmente antieconómica.

Visto que unha vía de utilización dos devanditos sobrantes constitúe unha modificación de crédito consistente ben nun crédito extraordinario ben nun suplemento de crédito.

Esta Alcaldía, co obxecto de proceder a unha aplicación parcial de ditos excesos de financiación propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: aprobar a seguinte modificación de finalidades do préstamo nº 9546466969 formalizado co BBVA no exercicio 2010 por importe de 463.705.85 euros:

Novas inversións a dotar:

| Nº Proxecto | Denominación | Importe (€) |
|--------------|----------------------------------|-------------|
| 453/B3/61900 | Obras plan mellora camiños 13/14 | 9752.04 € |
| TOTAL----- | | 9752.04 |

Inversións substituídas polas anteriores:

| Nº proxecto | Denominación | Importe (€) |
|--------------|----------------|-------------|
| 453/1h/60104 | Obras POS 2010 | 9752.04 € |
| TOTAL----- | | 9752.04 |

SEGUNDO: Dar traslado á Intervención, Tesourería municipais.

En Fene, a 7 de novembro de 2013
O ALCALDE
Asdo. Gumersindo Pedro Galego Feal"

A continuación fai uso da palabra o concelleiro de Facenda, don Juan José Franco Casal, que di que se trata dun préstamo afectado, neste caso, a unha obra do POS 2010 que xa está rematada.

Rematado o debate, sométese o asunto a votación obténdose, en primeira votación, un empate con 6 votos a favor do grupo do PP, 6 en contra (5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto) e 3 abstencións do grupo socialista. A continuación, procedese a facer unha segunda votación obténdose os mesmos resultados que na primeira, 6 votos a favor do grupo do PP, 6 en contra (5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto) e 3 abstencións do grupo socialista, quedando aprobado o asunto co voto de calidade do alcalde.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1º. Aprobar a seguinte modificación de finalidades do préstamo nº 9546466969 formalizado co BBVA no exercicio 2010 por importe de 463.705.85 euros:

Novas inversións a dotar:

| Nº Proxecto | Denominación | Importe (€) |
|-------------------|----------------------------------|----------------|
| 453/B3/61900 | Obras plan mellora camiños 13/14 | 9752.04 € |
| TOTAL----- | | 9752.04 |

Inversións substituídas polas anteriores:

| Nª proxecto | Denominación | Importe (€) |
|-------------------|----------------|----------------|
| 453/1h/60104 | Obras POS 2010 | 9752.04 € |
| TOTAL----- | | 9752.04 |

2º. Dar traslado á Intervención e Tesourería municipais.

6. Aprobación, se procede, do expediente de suplemento de crédito 3/2013

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego do 08.11.2013 con 3 votos a favor do grupo municipal do PP, 2 en contra do grupo municipal do BNG e 3 abstencións (2 do grupo municipal socialista e 1 do grupo municipal mixto), e que copiada di:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

A Alcaldía propón á Comisión de Facenda, que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente de concesión de suplemento de crédito, e se propoña ó concello Pleno a adopción de acordo, con fundamento na seguinte

EXPOSICION DE MOTIVOS:

Na memoria adxunta ó expediente, expoñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Vistos os informes e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sométese ó dictame desta Comisión a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

1º. Aproba-lo expediente nº 3/2013 de Suplemento de Créditos por un importe global de 26574,37 € segundo o seguinte detalle:

Aplicación orzamentaria suplementada:

| APLICACIÓN ORZ. | CONCEPTO | IMPORTE (€) |
|-----------------|--|-----------------|
| 161/22706 | Saneamento, abastec. E distribución de auga. Outros servizos | 35698.29 |
| TOTAL | | 35698.29 |

Medios de financiación do gasto.-

Proponse que a financiación se realice maiores ingresos efectivamente recadados do seguinte subconcepto:

| CONCEPTO | DENOMINACION | IMPORTE | | |
|--------------|--------------|--------------------|--------------------|----------------------------|
| | | INGRESOS PREVISTOS | INGRESOS RECADADOS | MAIORES INGRESOS RECADADOS |
| 11600 | IIVTNU | 26.000,00 € | 61698.29 € | 35698.29 € |
| TOTAL | | | | 35698.29 € |

2º.- Financia-lo expediente nº 3/2013 de suplementos de créditos mediante maiores ingresos por importe total de 35698.29 euros.

3º.- De conformidade co establecido no artigo 177.2 do RDL2/2004, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do apartado 1 do presente acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4º.- O expediente entenderase definitivamente aprobado e unha vez publicado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións.

Fene, 7 de novembro de 2013
O alcalde,
Asdo. Gumersindo P. Galego Feal."

A continuación fai uso da palabra o concelleiro de Facenda, don Juan José Franco Casal, que di que se trata de votar un expediente para incorporar os maiores ingresos recadados.

Rematado o debate, sométese o asunto a votación obténdose, en primeira votación, un empate con 6 votos a favor do grupo do PP, 6 en contra (5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto) e 3 abstencións do grupo socialista. A continuación, procedese a facer unha segunda votación obténdose os mesmos resultados que na primeira, 6 votos a favor do grupo do PP, 6 en contra (5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto) e 3 abstencións do grupo socialista, quedando aprobado o asunto co voto de calidade do alcalde.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1º. Aprobar o expediente nº 3/2013 de Suplemento de Créditos por un importe global de 26574,37 € segundo o seguinte detalle:

Aplicación orzamentaria suplementada:

| APLICACIÓN ORZ. | CONCEPTO | IMPORTE (€) |
|-----------------|---|-----------------|
| 161/22706 | Saneamento, abastec. E distribución de auga. Outros servizos | 35698.29 |
| TOTAL | | 35698.29 |

Medios de financiamento do gasto.-

Proponse que o financiamento se realice maiores ingresos efectivamente recadados do seguinte subconcepto:

| CONCEPTO | DENOMINACION | IMPORTE | | |
|--------------|--------------|--------------------|--------------------|----------------------------|
| | | INGRESOS PREVISTOS | INGRESOS RECADADOS | MAIORES INGRESOS RECADADOS |
| 11600 | IIVTNU | 26.000,00 € | 61698.29 € | 35698.29 € |
| TOTAL | | | | 35698.29 € |

2º. Financiar o expediente nº 3/2013 de suplementos de créditos mediante maiores ingresos por importe total de 35698.29 euros.

3º. De conformidade co establecido no artigo 177.2 do RDL 2/2004, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do apartado 1 do presente acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4º. O expediente entenderase definitivamente aprobado e unha vez publicado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións.

7. Aprobación, se procede, do expediente de transferencia de crédito 16/2013

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego do 08.11.2013 con 3 votos a favor do grupo municipal do PP, 2 en contra do grupo municipal do BNG e 3 abstencións (2 do grupo municipal socialista e 1 do grupo municipal mixto), e que copiada di:

“PROPOSTA DA ALCALDIA
ASUNTO.- EXPEDIENTE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO Nº 16/2013.

Ante a urxencia de incrementas as aplicacións orzamentarias que se relacionan na providencia de inicio do expediente, e logo de ver o expediente tramitado de modificación de crédito por transferencia, cun importe de 707,02 €, dentro do vixente Orzamento desta Corporación do ano 2012, prorrogado.

Téndo en conta o disposto nos artigos 179 e 180 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, nos artigos 40 a 42 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, na Base 13ª das Bases de execución do orzamento e no informe de intervención.

Esta Alcaldía propón ó Pleno da Corporación, e previo o dictame da Comisión Informativa de Facenda, a adopción do seguinte acordo:

1º. Prestar aprobación ó expediente de modificación de crédito de transferencia de crédito entre aplicacións orzamentarias de distinto grupo de función- área de gasto- por importe de 135707,02 euros, segundo o disposto na providencia de alcaldía que se une ó expediente. O detalle ó que se axustará a transferencia é o seguinte:

Aplic. Orz. Minoradas

| APLIC. ORZAM. | DENOMINACIÓN | IMPORTE (€) |
|---------------|---|-------------|
| 011/31000 | Débeda pública. Intereses | 3000 |
| 011/31007 | Débeda pública. Intereses | 8000 |
| 011/31003 | Débeda pública. Intereses | 1900 |
| 011/31004 | Débeda pública. Intereses | 6100 |
| 011/31005 | Débeda pública. Intereses | 1800 |
| 011/31011 | Débeda pública. Intereses | 7200 |
| 011/31096 | Débeda pública. Intereses | 6300 |
| 011/91312 | Débeda pública. Amortización débeda | 3000 |
| 931/35200 | Política económica e fiscal. Intereses de demora | 13000 |
| 931/22708 | Política económica e fiscal. Servicios de recadación | 30000 |
| 912/23300 | Órganos de gobernó. Outras indemnizacións | 11000 |
| 931/12100 | Política económica e fiscal. CD | 658 |
| 920/12101 | Admón xeral. CE | 19200 |
| 920/12001 | Admón xeral. Salarios | 5230 |
| 920/12004 | Admón xeral. Salarios | 13800 |
| 931/12006 | Política económica e fiscal. Trienios | 1099 |
| 221/16205 | Outras prestacións económ. A favor de empregados púb. Seguros | 160.02 |
| 241/13101 | Promoción do emprego. Outras retribucións | 1000 |
| 942/46600 | Transferencias a eell territoriales. | 1100 |

| | | |
|-----------|---|-----------|
| | Outras entidades que agrupan concellos | |
| 942/46300 | Transferencias a eell territoriales. A mancomunidades | 1160 |
| 912/46200 | Organos de gobernó. Transferencias a concellos | 1000 |
| TOTAL | | 135707,02 |

Aplic.Orz. incrementadas

| | | |
|-----------|--|------------|
| 323/22700 | Promoción educativa. Servicios limpeza | 19455.22 € |
| 313/22700 | Accións púb. Relativas á saúde. Servicios de limpeza | 2014.58 |
| 323/21200 | Promoción educativa. Edificios | 299.7 |
| 323/22100 | Promoción educativa. Suministro enerxía eléctrica | 15887.41 |
| 312/22102 | Hospitales, servicios asistenciales e centros de saúde. GAS | 2352.02 |
| 179/20300 | Outras actuacións relacionadas co medio ambiente. Aluguer maquinaria, instalación... | 454.55 |
| 163/22700 | Limpeza viaria. Servizos limpeza | 9982.47 |
| 453/21000 | Estradas. Infraestructura | 10488.61 |
| 151/22798 | Urbanismo. Outros contratos | 3591.28 |
| 165/22100 | Alumeado público. Suministro enerxía eléctrica | 35155.35 |
| 453/21400 | Estradas. Reparacións vehículos | 4489.22 |
| 171/22700 | Parques e xardíns. Servizos limpeza | 6923.14 |
| 453/22103 | Estradas. Suministro combustible | 5041.06 |
| 134/21400 | Protección civil. REparacións vehículos | 480.97 |
| 171/21000 | Parques e xardíns. Infraestructura | 279.21 |
| 312/22700 | Hospitales, centros asistenciales e centros de saúde. Servizos limpeza | 357.90 |
| 165/22112 | Alumeado público. Suministro repostos | 4840.12 |
| 162/21400 | REcollida, eliminación e tratamento de residuos. Reparacións vehículos | 2005.22 |
| 135/21400 | Servicios extinción incendios. REparacións vehículos | 1218.67 |
| 453/22104 | Estradas. Suministro vestiario | 88.43 |
| 171/22111 | Parques e xardíns. Suministro de repostos de maquinaria, utillaxe... | 38.43 |
| 164/21000 | Cemiterios. Infraestructura | 908.83 |
| 171/21300 | Parques e xardíns. Reparacións maquinaria, utillaxe... | 1082 |
| 179/22700 | Outras actuacións relacionadas co medio ambiente. SErvizos limpeza | 5967.72 |
| 164/21300 | Cemiterios, Reparacións maquinaria, utillaxe... | 47.92 |
| 453/20300 | Estradas. Aluguer maquinaria, utillaxe... | 138.04 |
| 162/21000 | REcollida, eliminación e tratamento de residuos. Infraestructura | 853.05 |
| 134/22799 | Protección civil. Outros servizos | 666.00 |
| 323/21300 | Promoción educativa. Reparac. Maquinaria, utillaxe... | 169.31 |
| 134/21300 | Protección civil. Reparacións maquinaria, utillaxe | 38.48 |
| 132/21400 | SEguridade e orde público. Reparacións vehículos | 392.11 |
| TOTAL | | 135707,02 |

2º. Que se expoña ó público durante o prazo de quince días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno, conforme o preceptuado no artigo 179 do Real decreto legislativo 2/2004, con referencia ó artigo 169 do dito texto legal.

3º. No suposto de non presentarse reclamacións contra este acordo, entenderase definitivamente aprobado, debendo cumprirse os trámites previstos no artigo 169 do Real decreto legislativo 2/2004. Noutro caso obrarase conforme o disposto no apartado 1º do dito artigo.

Fene, a 7 de novembro de 2013.
O ALCALDE
Asdo.- Gumersindo P. Galego Feal.”

A continuación fai uso da palabra o concelleiro de Facenda, don Juan José Franco Casal, que di que se trata de incrementar unha serie de partidas que necesitan créditos para o seu bo funcionamento.

Rematado o debate, sométese o asunto a votación obténdose, en primeira votación, un empate con 6 votos a favor do grupo do PP, 6 en contra (5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto) e 3 abstencións do grupo socialista. A continuación, procedese a facer unha segunda votación obténdose os mesmos resultados que na primeira, 6 votos a favor do grupo do PP, 6 en contra (5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto) e 3 abstencións do grupo socialista, quedando aprobado o asunto co voto de calidade do alcalde.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1º. Prestar aprobación ó expediente de modificación de crédito de transferencia de crédito entre aplicacións orzamentarias de distinto grupo de función -área de gasto- por importe de 135707,02 euros, segundo o disposto na providencia de alcaldía que se une ó expediente. O detalle ó que se axustará a transferencia é o seguinte:

Aplic. Orz. Minoradas

| APLIC. ORZAM. | DENOMINACIÓN | IMPORTE (€) |
|---------------|--|-------------|
| 011/31000 | Débeda pública. Intereses | 3000 |
| 011/31007 | Débeda pública. Intereses | 8000 |
| 011/31003 | Débeda pública. Intereses | 1900 |
| 011/31004 | Débeda pública. Intereses | 6100 |
| 011/31005 | Débeda pública. Intereses | 1800 |
| 011/31011 | Débeda pública. Intereses | 7200 |
| 011/31096 | Débeda pública. Intereses | 6300 |
| 011/91312 | Débeda pública. Amortización débeda | 3000 |
| 931/35200 | Política económica e fiscal. Intereses de demora | 13000 |
| 931/22708 | Política económica e fiscal. Servizos de recadación | 30000 |
| 912/23300 | Órganos de goberno. Outras indemnizacións | 11000 |
| 931/12100 | Política económica e fiscal. CD | 658 |
| 920/12101 | Admón xeral. CE | 19200 |
| 920/12001 | Admón xeral. Salarios | 5230 |
| 920/12004 | Admón xeral. Salarios | 13800 |
| 931/12006 | Política económica e fiscal. Trienios | 1099 |
| 221/16205 | Outras prestacións económ. A favor de empregados públ. Seguros | 160.02 |
| 241/13101 | Promoción do emprego. Outras retribucións | 1000 |
| 942/46600 | Transferencias a eell territoriales. | 1100 |

| | | |
|--------------|---|------------------|
| | Outras entidades que agrupen concellos | |
| 942/46300 | Transferencias a eell territoriales. A mancomunidades | 1160 |
| 912/46200 | Organos de goberno. Transferencias a concellos | 1000 |
| TOTAL | | 135707,02 |

Aplic.Orz. incrementadas

| | | |
|-----------|--|------------|
| 323/22700 | Promoción educativa. Servizos limpeza | 19455.22 € |
| 313/22700 | Accións púb. Relativas á saúde. Servizos de limpeza | 2014.58 |
| 323/21200 | Promoción educativa. Edificios | 299.7 |
| 323/22100 | Promoción educativa. Subministro enerxía eléctrica | 15887.41 |
| 312/22102 | Hospitales, servizos asistenciais e centros de saúde. GAS | 2352.02 |
| 179/20300 | Outras actuacións relacionadas co medio ambiente. Aluguer maquinaria, instalación... | 454.55 |
| 163/22700 | Limpeza viaria. Servizos limpeza | 9982.47 |
| 453/21000 | Estradas. Infraestrutura | 10488.61 |
| 151/22798 | Urbanismo. Outros contratos | 3591.28 |
| 165/22100 | Alumeado público. Subministro enerxía eléctrica | 35155.35 |
| 453/21400 | Estradas. Reparacións vehículos | 4489.22 |
| 171/22700 | Parques e xardíns. Servizos limpeza | 6923.14 |
| 453/22103 | Estradas. Subministro combustible | 5041.06 |
| 134/21400 | Protección civil. Reparacións vehículos | 480.97 |
| 171/21000 | Parques e xardíns. Infraestrutura | 279.21 |
| 312/22700 | Hospitales, centros asistenciais e centros de saúde. Servizos limpeza | 357.90 |
| 165/22112 | Alumeado público. Subministro repostos | 4840.12 |
| 162/21400 | Recollida, eliminación e tratamento de residuos. Reparacións vehículos | 2005.22 |
| 135/21400 | Servizos extinción incendios. Reparacións vehículos | 1218.67 |
| 453/22104 | Estradas. Subministro vestiario | 88.43 |
| 171/22111 | Parques e xardíns. Subministro de repostos de maquinaria, utillaxe... | 38.43 |
| 164/21000 | Cemiterios. Infraestrutura | 908.83 |
| 171/21300 | Parques e xardíns. Reparacións maquinaria, utillaxe.... | 1082 |
| 179/22700 | Outras actuacións relacionadas co medio ambiente. Servizos limpeza | 5967.72 |
| 164/21300 | Cemiterios, Reparacións maquinaria, utillaxe.... | 47.92 |
| 453/20300 | Estradas. Aluguer maquinaria, utillaxe.... | 138.04 |
| 162/21000 | Recollida, eliminación e tratamento de residuos. Infraestrutura | 853.05 |
| 134/22799 | Protección civil. Outros servizos | 666.00 |
| 323/21300 | Promoción educativa. Reparac. Maquinaria, utillaxe... | 169.31 |
| 134/21300 | Protección civil. Reparacións | 38.48 |

| | | |
|------------------|-----------------------------------|------------------|
| | maquinaria, utillaxe | |
| 132/21400 | Seguridade e orde público. | 392.11 |
| | Reparacións vehículos | |
| TOTAL | | 135707,02 |

2º. Que se expoña ó público durante o prazo de quince días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno, conforme o preceptuado no artigo 179 do Real decreto legislativo 2/2004, con referencia ó artigo 169 do dito texto legal.

3º. No suposto de non presentarse reclamacións contra este acordo, entenderase definitivamente aprobado, debendo cumprirse os trámites previstos no artigo 169 do Real decreto legislativo 2/2004. Noutro caso obrarase conforme o disposto no apartado 1º do dito artigo.

Non habendo máis asuntos a tratar a presidencia declara rematado o acto sendo as 9.20 horas, de todo o que como secretario accidental dou fe.

O alcalde

O secretario accidental

Gumersindo Pedro Galego Feal

Fernando Aradas García